



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: Nomeamento como persoal laboral temporal dun/dunha traballador/a social, para cubrir unha necesidade ocasional e previsible, segundo orde de chamamentos de bolsa de contratación aprobada por resolución de Alcaldía con número de Decreto 113/2018, no Concello da Baña, financiado polo POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 .**

**Expte. TEDEC: 2018/G003/000090 (Bases Reguladoras).**

**Expte. TEDEC: 2018/G003/000113 (Bolsa de emprego).**

**Expte. TEDEC: 2023/E001/000003 (Chamamentos).**

**Expte. TEDEC: 2023/G003/000260 (Decreto contratación laboral).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por Resolución da Alcaldía, con número de Decreto 90/2018, de data 13/07/2018, foron aprobadas as bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución, xunto co anexo de normas xerais das convocatorias para a formación polo procedemento extraordinario ou renovación de listas.

Visto que ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 136, do 18/07/2018. 3.

Visto que por Resolución da Alcaldía, con número de Decreto 96/2018, de data do 27/07/2018, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución do posto de Traballador/a Social. Persoal laboral temporal.

Visto que por Resolución da Alcaldía, con número de Decreto 101/2018, de data 13/08/2018, aprobouse e procédese á publicación da lista por orde da puntuación acadada, e segundo esa orde procederase aos chamamentos dacordo ao disposto na Base 4 das Bases Xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante lista de substitución.

Visto que por Resolución da Alcaldía, con número de Decreto 102/2018, de data 16/08/2018, apróbase a lista de admitidos/as e publícase a composición da Comisión de Valoración respecto do proceso

selectivo para a formación dunha lista de substitución do posto de traballo de Traballador/a Social. Persoal laboral temporal.

Visto que por Resolución da Alcaldía, con número de Decreto 113/2018, de data 23/08/2018, publícase a lista de substitución definitiva do posto de Traballador/as Social, persoal laboral temporal, por orde da puntuación acadada.

Visto que en data 13 de febreiro de 2023, o Pleno do Concello da Baña acordou, en sesión extraordinaria, a solicitude de participación no POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan, por importe de 68539,52 euros.

Visto que en dita solicitude se inclúe a previsión de reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito ós servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

Visto que por parte da área de Servizo Sociais do Concello da Baña se detecta a seguinte necesidade, tal e como queda constatado no informe da traballadora social municipal de data 9 de febreiro de 2023: *“Aumento de petición de información , asesoramiento e tramitación de SAF tanto modalidade dependencia como libre concurrencia e aumento peticións de servizos complementarios SAF (comedor, perruquería, podoloxía, lavandería) implantación de programas como bono taxi.”*

Visto que no referido informe, prevese solventar dita necesidade coa contratación laboral temporal dunha traballadora social.

Visto que consta informe técnico da traballadora social do Concello da Baña, de data 21 de abril de 2023, referente á realización de chamamentos ós membros da referida bolsa de emprego, no que se constata que en datas 19, 20 e 21 de abril de 2023 se procedeu ao chamamento das persoas que conforman a bolsa de emprego dunha lista de substitución do posto de traballo de Traballador/a Social, persoal laboral temporal, constando nove renuncias e unha aceptación.

Visto que dona María José Busto Bouzas, con DNI \*\*\*\*366\*\*, que acadou a décima puntuación máis alta foi chamada o día 20/04/2023 ás 13.45 horas, e que devolve a chamada o día 21/04/2023 ás 9.45 horas manifestando a súa aceptación á praza de traballador/as social, en calidade de persoal laboral temporal.

Visto o réxime de contratación laboral temporal previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores mediante o que se establece que o contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora. Así mesmo, para que se entenda que concorre causa xustificada de temporalidade será necesario que se especifiquen con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista.

En conexión con este precepto débese recoller o disposto na disposición adicional décimo sétima do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Estatuto Básico do Empregado Público, adicada ás medidas dirixidas ó control da temporalidade no emprego público. Así, as Administracións Públicas serán responsables do cumprimento das previsións contidas na presente norma i, en especial, velarán por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal e os nomeamentos de persoal funcionario interino. Así mesmo, as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento desta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia na materia de persoal.

A referida disposición adicional décimo sétima continúa establecendo que as actuacións irregulares na presente materia darán lugar á esixencia das responsabilidades que procedan de conformidade coa normativa vixente en cada unha das Administracións Públicas. Así, todo acto, pacto, acordo ou disposición regulamentaria, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, cuxo contido directa ou indirectamente supoña o incumprimento por parte da Administración dos prazos máximos de permanencia como persoal temporal será nulo de pleno dereito.

Visto que se procedeu á realización das comunicacións telefónicas oportunas seguindo a orde establecida na lista da bolsa de emprego temporal de referencia ó detectar unha necesidade derivada dun incremento ocasional e previsible e que teña unha duración reducida e delimitada nos termos previstos no parágrafo cuarto do apartado 2 do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Só se poderá utilizar este contrato un máximo de noventa días ó ano, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un de ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato. Estes noventa días non poderán ser utilizados de forma continuada.

Visto o informe de Secretaría – Intervención de data 24 de abril de 2023.

Visto que por parte da coordinadora da área de servizos sociais deste concello se propón que o contrato laboral temporal se realice en días non consecutivos, a xornada completa os luns, mércores e venres de cada semana.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**PRIMEIRO.** Contratar na modalidade de contrato eventual por razóns da produción (cod. 402) como traballadora social a dona María José Busto Bouzas, con DNI \*\*\*\*366\*\*, por ser a aspirante á que corresponde segundo a orde que figura na bolsa de contratación de referencia.

As condicións de contratación para unha traballadora tipo a xornada completa, tres días á semana, durante 89 días, serían os que se recollen a continuación (contratos semanais a niciar con data 3 de maio de 2023):

Categoría profesional: Traballadora social.

Grupo de cotización: II (Co. Oficinas e Despachos da Coruña)

Custe salario base: 171,16€.

Parte vacacións: 14,26€.

Parte paga extraordinaria: 34,23€.

Indemnización: 3,55€

Total bruto: 223,20€.

Total achegas: 16,04€. ó que se engadiría un 2% en concepto de IRPF (4,39€).

Líquido: 202,77€.

Modalidade de contrato: Eventual por razóns da produción. Situación ocasional previsible e de duración determinada (cod.402)

Duración do contrato: 89 días non consecutivos. Realizaranse contratos semanais para mércores, xoves e venres ata completar os 89 días.

As situacións ocasionais e previsibles que xustifican o presente contrato son as detectadas no informe da traballadora social municipal de data 9 de febreiro de 2023: "*Aumento de petición de información , asesoramento e tramitación de SAF tanto modalidade dependencia como libre concorrencia e aumento peticións de servizos complementarios SAF (comedor, perruquería, podoloxía, lavandería) implantación de programas como bono taxi.*"

**SEGUNDO.** No prazo de dous días hábiles contados desde o día seguinte á aceptación da oferta, a persoa seleccionada deberá presentar no Concello da Baña orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación, en virtude do disposto no apartado 5 das bases reguladoras do presente procedemento:

- Documento nacional de identidade ou outro que acredite os requisitos de nacionalidade e idade. Se achega a documentación a través da sede electrónica municipal, non será preciso que aporte o DNI ó entenderse verificada a súa identidade co sistema de validación electrónica (e-certificado, e-DNI, etc).
- Título ou acreditación do requisito de titulación.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos que no seu caso se tiveran esixido nas bases específicas.
- Documento médico acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. (De non conseguir no prazo indicado o documento médico, o/a aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

**TERCEIRO.** Dar traslado desta resolución á Secretaría – Intervención e ao Departamento de Persoal e Contabilidade.

**CUARTO.** Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación Municipal.

**QUINTO.** Publicar este decreto no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

**SEXTO.** Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderán interpor contra esta resolución recurso contencioso – administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Mándao e asínao o señor Alcalde e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**